



Concello de Cangas

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas
DÍA: 1 de febreiro de 2016
HORA DE COMEZO: 18:50 h.
HORA DE REMATE: 19:20 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón e D. Héitor Mera Herbello.

SUPLENTES: D^a Tania Castro Paredes e D^a Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 18 DE XANEIRO DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 18 de xaneiro de 2016.

URBANISMO E PATRIMONIO

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 28 DE XANEIRO
DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS
DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ao concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmoables e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.400.- A M. A. J., para en Pinténs-O Hío, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda de 185,02 m²., de semisoto, 137,43 m²., de planta baixa, 111,89 m²., de primeiro andar e 22,01 m²., de terrazas e 556,00 m³., de movementos de terras, de conformidade co proxecto básico do arquitecto Miguel Serrano Gómez, de febreiro de 2015 e o de execución visado o 16 de novembro de 2015, ás condicións impostas pola Deputación Provincial en escrito de data 11 de maio de 2015, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 24 de novembro de 2015.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela, aceptándose o aval en garantía desta por importe de cinco mil catrocentos noventa euros con noventa e dous céntimos (5.490,92 €).

No presente expediente tamén se solicitaba a construción de un cerramento que queda pendente de resolución ata en tanto non aporte a correspondente autorización da Deputación Provincial.

2.A.2) DENEGACIÓN DOS SEGUENTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE S/N.- O tramitado a instancia de Telefónica de España SAU, para instalación de postes de formigón na Avda. de Pontevedra-Darbo, denégase porque a liña aérea de telecomunicación sobre a que se pretende actual se atopa en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade co planeamento vixente (ordenanza URNU) polo que non se permiten obras de consolidación.

Deberá presentar, se o estima pertinente, o correspondente proxecto para canalización subterránea da liña.

2.A.3) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 25.313.- O tramitado a instancia de M. G. A., para obras de conservación en Rúa Álvaro-Gutián, nº 13-3ºG-Cangas, acórdase declaralo caducado, segundo a resolución da Consellería de Cultura, de data 12 de xaneiro de 2016.

EXPEDIENTE Nº 25.390.- O tramitado a instancia de P. M. P. C., para caseta en Garita, nº 19-Nerga, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 4 de maio de 2015.

2.A.4) INFORME-PROPOSTA DA XEFA DE URBANISMO

EXPEDIENTE Nº 10.895.- En relación con este expediente a Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o seguinte:

INFORME-PROPOSTA

Con relación ao expediente relativo á declaración de caducidade da licenza urbanística nº 12.337 concedida á favor de J. G. C. que abeiraba a construción de unha vivenda unifamiliar, pozo e fosa no lugar de Miranda-Coiro, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, con base nos seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 14 de agosto de 1984 a Xunta de Goberno Local outorgou licenza de obras nº 12.337 para a construción de unha vivenda unifamiliar, pozo e fosa en Miranda-Coiro. Se explícita que o prazo para iniciar as obras é dentro dos doce meses seguintes ao outorgamento da licenza e para o remate de trinta e seis.

SEGUNDO.- En data 24 de xullo de 2015 o promotor presenta nova documentación solicitando a renovación da licenza para rematar as obras. Evidénciase así o incumprimento dos prazos establecidos na licenza concedida para a execución de obras no solar sito no lugar de Miranda-Coiro desta localidade.

TERCEIRO.- Con data 4 de agosto de 2015 foi emitido informe xurídico referente á lexislación aplicable e o procedemento a seguir con relación á declaración de caducidade da licenza urbanística nº 12.969.

CUARTO.- Por Resolución de Alcaldía de data 6 de agosto de 2015 incoouse expediente para declarar a caducidade da licenza de obras nº 12.337 concedida a JESÚS GESTIDO CAMAÑO.

Notificada ao interesado a iniciación do expediente de caducidade (acuse de recibo 17/8/2015) comunícase por parte do interesado (R.E. Nº 11672 en data 9/9/2015) solicitude de ampliación do prazo do período de alegacións, 15 días, para poder realizar as alegacións oportunas.

En data 28/9/2015 o interesado presenta un segundo escrito no que volve a solicitar a ampliación do prazo para poder presentar nova documentación de modificación de licenza.

Transcorrido o prazo concedido en trámite de audiencia e non téndose presentado ningún outro escrito polo interesado procede a formulación de proposta de resolución que se fundamenta nos seguintes argumentos:

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable ven establecida por:

- Os artigos 197 e 208 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- O artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- O artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.
- A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a declaración de caducidade da licenza urbanística por incumprimento do prazo de remate. O acordo adoptarase pola Xunta de Goberno local logo da Resolución de Alcaldía de 16 de xuño de 2011, que delega neste órgano o procedemento de concesión de licenzas.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade da licenza urbanística nº 12.337 concedida a favor de J. G. C. e a extinción dos seus efectos por incumprimento do prazo de remate das obras estipulado.

SEGUNDO.- Advertir que unha vez notificada a declaración de caducidade da licenza, para comezar ou terminar os actos de uso do solo para os que foi concedida, será preciso solicitar e obter unha nova licenza urbanística. En tanto esta non sexa obtida, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e os bens e o valor do xa realizado, previa autorización ou orde do Concello.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado para os efectos oportunos e dar traslado deste ao Servizo de Inspección Urbanística co fin de que se adopten as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas e dos bens e en relación coas actuacións non abeiradas por licenza.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 25.407.- A J. B. B., para na Avda. de Pontevedra, nº 18-Darbo, legalizar un cambio de situación e ampliación de muro de mampostería de 20,90 metros, de conformidade co proxecto do aparellador Raúl Rey Fandiño, visado o 19 de maio de 2015.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.485.- M. E. G. R., cerramento en Nerga-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.792.- M. J. M., reparacións exteriores en caseta en Parada, nº 42-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.796.- J. M. F. V. P., revestimento fachada en Pías, nº 20-Francón-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.815.- G. P., S.L., pintado interior na Avda. de Eugenio Sequeiros, nº 4-baixo-Cangas.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.301.- Centro de optometría e audioloxía en Eirado do Señal, nº 10-Cangas.

4º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 17/2015-S

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 27.01.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 17/2015-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXPEDIENTE Nº 17/2015

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Espiñeira-Aldán consistentes en: realizar un cerramento da fronte da parcela sen axustarse ao recuado que obriga a licenza

nº 17460 concedida para vivenda. O cerramento foi realizado por dentro dun espazo de 273 m2., cedido ao Concello, segundo o plano de deslinde de outubro do 1998, visado o 25 de xaneiro do 1999.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado, recaída con data 10 de setembro do 2015, a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, título V, sistema viario.

Con data 25 de xaneiro do 2016 a inspección de obras informa que: presentado no lugar se comproba que o cerramento en cuestión se atopa na aliñación correcta, quedando reposta a legalidade urbanística.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados C. S. I., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden seren constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo o sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220. 1.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados/interesadas polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que por efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 17/2015-S.

4.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 18/2015-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 27.01.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 18/2015-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 18/2015

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar da Portela consistentes en: realizar a base de aportación de terras, un cambio de rasante natural de ata aproximadamente 4 metros.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 11 de setembro do 2015, a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas e na Lei 9/2002.

Con data 25 de xaneiro do 2016 a inspección de obras informa que: 'presentado no lugar compróbase que foron retiradas as terras en cuestión'.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados C. S. C., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden seren constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo o sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220. 1.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en

materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados/interesadas polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que por efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 18/2015-S.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 28.01.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** Concederlle o servizo de Axuda a Domicilio a C. R. M., con expediente nº 36008/01/000270 pola quenda de libre concorrència e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

Número de horas mensuais: 30 horas.

Custo total do servizo: trescentos sesenta e sete euros con oitenta céntimos (367,80 €) (doce euros con vinte e seis céntimos (12,26 €/hora)).

O cómputo da capacidade económica mensual, facilitada polo órgano de Valoración da Xunta é de novecentos vinte e oito euros con dezaseis céntimos (928,16 €), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de dous euros con corenta e sete céntimos (2,47 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: setenta e catro euros con vinte e cinco céntimos (74,25 €/mes).

O servizo de SAF iniciarase o 2 de febreiro de 2016".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL

Este punto foi retirado da orde do día.

7º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO DE ALOXAMENTO TEMPORAL EN CASOS DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 28.01.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

D. Estanislao Graña García xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas (Pontevedra).

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do centro Municipal de Benestar Social, propónselle a seguinte resolución:

** Concederlle a A.P.S., con expediente núm. 36008/01/000362, a cesión do Servizo por reunir os requisitos establecidos na Ordenanza reguladora do SAT, a partir da data do mércores 27 de xaneiro de 2016, na que ingresou de xeito urxente.*

Duración prevista de cesión de tres meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

PERSOAL

8º.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E VIXILANCIA DA SAÚDE

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 28 de xaneiro de 2016, referente a aprobación de expediente de contratación do Servizo de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS ALLEO, NAS ESPECIALIDADES DE SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOLOXÍA APLICADA E MEDICINA DO TRABALLO

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 16.11.2015 polo que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de servizo prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta licitación e que a secretaria xeral e a interventora municipal emitiron informe conxunto relativo á lexislación e procedemento aplicables e sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

*Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte, **ACORDO**:*

Primeiro.- *Aprobar o expediente de contratación do SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS ALLEO, NAS ESPECIALIDADES DE SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA E MEDICINA DO TRABALLO, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.*

Segundo.- *Autorizar o gasto que para o concello supón esta contratación con cargo á aplicación 920.16204 do vixente orzamento municipal.*

Terceiro.- *Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil de contratante.*

Cuarto.- *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención."*

ANEXO I

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A LICITACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS ALLEO, NAS ESPECIALIDADES DE SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA E MEDICINA DO TRABALLO

I.- ELEMENTOS XERAIS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1ª.- Obxecto, cualificación do contrato e réxime xurídico

CLÁUSULA 2ª.- Duración do contrato

CLÁUSULA 3ª.- Valor estimado, tipo de licitación, prezo do contrato e revisión de prezos.

CLÁUSULA 4ª.- Financiamento do contrato e existencia de crédito

CLÁUSULA 5ª.- Órgano de contratación

CLÁUSULA 6ª.- Garantías

CLÁUSULA 7ª.- Capacidade para contratar

CLÁUSULA 8ª.- Solvencia económica e financeira e solvencia técnica ou profesional

CLÁUSULA 9ª.- Consulta do expediente e perfil do contratante

II.- PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 10ª.- Procedemento de adxudicación

CLÁUSULA 11ª.- Prazo, lugar e forma de presentación de ofertas

CLÁUSULA 12ª.- Criterios de adxudicación

CLÁUSULA 13ª.- Mesa de contratación

CLÁUSULA 14ª.- Cualificación da documentación xeral e apertura de ofertas

CLÁUSULA 15ª.- Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

CLÁUSULA 16ª.- Criterios para resolver eventuais empates

CLÁUSULA 17ª.- Requirimento previo á adxudicación do contrato

CLÁUSULA 18ª.- Adxudicación e formalización

III.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 19ª.- Execución e responsabilidade do contratista

CLÁUSULA 20ª.- Pago do prezo

CLÁUSULA 21ª.- Obrigas e deberes do adxudicatario

CLÁUSULA 22ª.- Penalidades por incumprimento: Infraccións e Sancións

CLÁUSULA 23ª.- Modificación do contrato

CLÁUSULA 24ª.- Cesión do contrato e subcontratación

CLÁUSULA 25ª.- Resolución do contrato

CLÁUSULA 26ª.- Devolución ou cancelación da garantía

CLÁUSULA 27ª.- Xurisdición competente

ANEXOS

I.- Cadro resumo

II.- Modelo de declaración responsable

III.- Modelo de oferta económica

IV.- Modelo de aval



I.- ELEMENTOS XERAIS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO, CUALIFICACIÓN DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO

1.1.- *É obxecto deste contrato a prestación do Servizo de Prevención de Riscos Laborais conforme á normativa vixente nas distintas disciplinas preventivas de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada e Vixilancia Médica da Saúde, cuxas especificacións técnicas se recollen no Prego de Prescricións Técnicas (en adiante PPT).*

1.2.- *Atendendo á natureza da prestación obxecto deste contrato, este ten a consideración de contrato administrativo de servizos de conformidade co disposto nos artigos 10 e 19 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP). Así mesmo, encádrase na Categoría 25 "Servizos sociais e de saúde" do Anexo II do TRLCSP que recolle os servizos ós que se refire o artigo 10.*

1.3.- *A este contrato lle corresponden os seguintes epígrafes do Vocabulario Común de Contratos aprobado mediante Regulamento nº 213/2008 da Comisión das Comunidades Europeas (CPV):*

- ✓  *servizos de saúde*
- ✓  *servizos de sanidade das empresas.*

1.4.- *Necesidades administrativas a satisfacer:*

Coa celebración deste contrato preténdese dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 31/1995 do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais mellorando as condicións de traballo e elevando o nivel de protección da seguridade e da saúde dos empregados municipais.

1.5.- *O presente contrato rexerase polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no de Prescricións Técnicas, que revestirán carácter contractual. O contrato que se asine axustarase ó contido deste prego cuxas cláusulas considéranse parte integrante do mesmo. No caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos restantes documentos contractuais, prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.*

1.6.- *Terán carácter contractual, os seguintes documentos:*

- *O presente prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP)*
- *O prego de prescricións técnicas (PPT)*
- *A oferta do adxudicatario*
- *O documento no que se formalice o contrato*

No non previsto neste prego, o contrato rexerase polas seguintes normas:

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- *Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.*
- *Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

- *Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.*

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista do seu cumprimento.

CLÁUSULA 2ª.- DURACIÓN DO CONTRATO

*A duración do contrato establecece en **2 ANOS** susceptible de dúas prórrogas de carácter anual, que deberá ser acordada de forma expresa por ambas partes e formalizada cunha antelación de 1 MES antes do seu vencemento. En caso de que o adxudicatario renuncie a prorrogar o contrato deberá comunicalo por escrito ó Concello cunha antelación mínima de 4 meses anteriores ó vencemento.*

CLÁUSULA 3ª.- VALOR ESTIMADO, TIPO DE LICITACIÓN, PREZO DO CONTRATO E REVISIÓN DE PREZOS

3.1.- VALOR ESTIMADO: de conformidade co establecido no artigo 88-TRLCSP o valor estimado do contrato, tendo en conta a súa duración inicial e as posibles prórrogas e excluído o IVE ascende á cantidade de 64.000 €.

3.2.- TIPO DE LICITACIÓN

O tipo de licitación anual deste contrato, mellorable á baixa polos licitadores, divídese en tres partidas que forman o obxecto do contrato:

- *Especialidades de seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicoloxía aplicada: 6.500 € sen IVE (7.865 con IVE 21 %).*
- *Especialidade de Vixilancia da saúde – Medicina do traballo, no que se inclúen os recoñecementos médicos para 200 traballadores/as: 9.500 € (partida exenta de IVE)*
- *Prezo unitario do recoñecemento médico que, no seu caso houbera a maiores dos 200 contratados: 45 € (partida exenta de IVE).*

3.3.- PREZO DO CONTRATO

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación de acordo coa oferta do adxudicatario na que deberá reflectirse o importe correspondente ao IVE como partida independente.

O prezo referido inclúe todos os gastos que deban realizar para o normal cumprimento das prestacións contratadas como son os xerais, financeiros, seguros, materiais e útiles necesarios para a prestación do servizo, equipamento, desprazamentos e todos os gastos relativos ó persoal contratado para a prestación do mesmo, axudas, suplidos en honorarios do persoal técnico ao seu cargo, asistencia a reunións, visitas ós centros de traballo, taxas,

impostos e toda clase de descontos, sen que polo tanto poidan ser repercutidos como partidas independentes do prezo de adxudicación de tal xeito que o Concello non pagará baixo ningún concepto cantidade algunha superior á que resulte da adxudicación.

3.4.- REVISIÓN DE PREZOS

Durante o prazo de execución deste contrato non poderán revisarse os prezos resultantes da adxudicación, conforme á nova redacción dada ó artigo 89 do TRLCSP pola Lei 2/2015 do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

CLÁUSULA 4ª.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E EXISTENCIA DE CRÉDITO

Este contrato finánciase con fondos propios do Concello, para o cal consta a oportuna consignación de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 920.16204 do vixente orzamento municipal (2015 actualmente prorrogado), e deberá consignarse a cantidade que corresponda no orzamento de cada un dos exercicios aos que se estenda a vixencia do contrato, para o cal o Concello asume o compromiso inescusable de consignar partida orzamentaria suficiente para todo o período contractual.

CLÁUSULA 5ª.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación que actúa en nome do Concello de Cangas é a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades que lle foron conferidas mediante Resolución da Alcaldía de data 2.07.2015.

Este órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que xurdan na súa execución, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta con suxeición á normativa aplicable. Os acordos, previo informe xurídico que a este respecto se emita, serán inmediatamente executivos sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente. Nos procedementos que se instrúan para a adopción dos acordos relativos á interpretación, modificación e resolución do contrato deberá darse audiencia ao contratista.

CLÁUSULA 6ª.- GARANTÍAS

- *Provisional: non se esixe*
- *Definitiva: 5% do prezo do contrato (IVE excluído)*

O órgano de contratación requirirá á empresa licitadora que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que tivese recibido o requirimento, constitúa garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do importe de adxudicación (IVE excluído), de acordo co artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse

adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a entidade licitadora retira a súa oferta.

A citada garantía poderá constituírse en efectivo ou en valores de débeda pública, mediante aval ou mediante contrato de seguro de caución, de acordo co disposto no artigo 96 do TRLCSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP.

CLÁUSULA 7ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán concorrer a esta licitación por si ou por medio de representantes autorizados, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, que non se atopen incursas en prohibición de contratar (art. 60-TRLCSP), e que ademais acrediten a súa solvencia económica e financeira, e técnica ou profesional.

CLÁUSULA 8ª.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA

8.1.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

Para acreditar a solvencia económica o licitador que resulte adxudicatario deberá achegar o xustificante de ter subscrito un seguro de indemnización por riscos profesionais por importe non inferior ó valor estimado do contrato acompañado dun compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato.

8.2.- SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

Apreciarase que o licitador adxudicatario dispón da correspondente solvencia técnica ou profesional sempre que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media si esta é inferior ao valor estimado do contrato. A efectos de determinar a correspondencia entre os servizos ou traballos realizados e os que constitúen o obxecto do contrato, cando exista clasificación aplicable a este último atenderase ao grupo e subgrupo de clasificación ao que pertencen uns e outros, e nos demais casos á coincidencia entre os dous primeiros díxitos dos seus respectivos códigos CPV.

Para acreditar esta solvencia, o licitador deberá presentar unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos, relacionados co servizo obxecto deste contrato, que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta de este certificado, mediante unha declaración do empresario;

no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

CLÁUSULA 9ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE E PERFIL DO CONTRATANTE

9.1.- O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e o prego de prescricións técnicas (PPT), xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán a disposición dos licitadores na Secretaría Xeral do Concello de Cangas (oficina Apoio Xurídico), de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións.

9.2.- Esta licitación publicarase no perfil do contratante e o acceso público efectuarase a través do portal da web do Concello de Cangas (www.cangas.gal).

II.- PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 10ª.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

Este contrato adxudicarase mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, de acordo co disposto nos artigos 138.2, 150 e 157 e seguintes do TRLCSP. O órgano de contratación deberá publicar un anuncio de licitación na forma prevista no artigo 142-TRLCSP.

CLÁUSULA 11ª.- PRAZO, LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

11.1.- PRAZO: O prazo para presentar ofertas será de 15 días naturais (art. 159.2-TRLCSP), contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no BOP. En caso de que se declare a tramitación urxente do expediente o prazo reducirase a 8 días naturais.

11.2.- LUGAR: As proposicións dos licitadores presentaranse no Rexistro Xeral do Concello sito na Avda. Castelao n.º 2 de Cangas, en horario de luns a venres de 9:30 a 14:00.

As proposicións presentaranse unicamente no lugar indicado no parágrafo anterior, sen que sexa válida a presentación noutros rexistros ou dependencias municipais, ou de outras Administracións Públicas (art. 80.2-RXLCAP).

Tamén poderán remitirse por correo; neste caso, de conformidade co sinalado no artigo 84-RXLCAP, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación o mesmo día no que se presente, mediante fax ao número 986.304.850 a remisión da súa proposta. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a solicitude. Non obstante, transcorridos dez días naturais desde a indicada data, sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso (art. 80.4-RXLCAP).

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas. A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

11.3.- FORMA DE PRESENTACIÓN: *Os contratistas interesados na licitación deberán presentar DOUS sobres pechados, nos que se escribirá de forma lexible e visible, no exterior dos mesmos, os seguintes datos:*

En cada un dos sobres, segundo corresponda:

- *Sobre A: "Documentación Administrativa"*
- *Sobre B: "Oferta Económica"*

Denominación do contrato: «OFERTA PARA PARTICIPAR NA LICITACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO DE RISCOS LABORAIS E VIXILANCIA MÉDICA DA SAÚDE DO PERSOAL Ó SERVIZO DO CONCELLO DE CANGAS».

- *Nome e apelidos do licitador, ou no seu caso, denominación social e nome e apelidos do representante que presenta a oferta.*
- *DNI ou NIF*
- *Enderezo, teléfono, fax e correo electrónico aos efectos de notificacións.*
- *Os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, deberán facer constar o número de inscrición.*

11.4.- DOCUMENTACIÓN

SOBRE «A»: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA: *este sobre deberá incluír:*

- *Declaración responsable subscrita pola persoa que firme a proposición, de acordo co modelo que consta como Anexo II deste prego. Este modelo pode descargarse en formato .pdf para cubrir na web do Concello de Cangas www.cangas.gal.*
- *Copia do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso (ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros), da persoa que asine a oferta.*

SOBRE «B»: OFERTA ECONÓMICA: *neste sobre incluírase:*

- *A oferta económica, que deberá presentarse conforme ao modelo que consta no Anexo III deste prego.*
- *A documentación relativa ós criterios para resolver eventuais empates recollidos na cláusula 16ª deste prego.*

CLÁUSULA 12ª.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a valoración das propostas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase ós seguintes criterios obxectivos avaliábeis mediante fórmulas:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS		
1	Menor prezo ofertado	Ata 50 puntos
2	Melloras ofertadas sen custe adicional	Ata 50 puntos

1) Menor prezo ofertado: Ata 50 puntos.

2)

Valorarase o menor prezo ofertado en cada unha das especialidades que integran este contrato, correspondendo a máxima puntuación á empresa que ofrezca un menor prezo distribuíndose a puntuación ás restantes ofertas de xeito proporcional aplicando unha regra de tres inversa. Outorgarase 0 puntos ás empresas que oferten o prezo de licitación sen ofertar baixa.

O tipo de licitación (mellorable á baixa) para cada unha das especialidades están recollidos na cláusula 3ª.2 deste prego, e son as seguintes:

1.a	Seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicoloxía aplicada..6.500 €	Ata 20 puntos
1.b	Vixilancia da saúde – Medicina do traballo.....9.500 €	Ata 20 puntos
1.c	Prezo unitario do recoñecemento médico.....45 €	Ata 10 puntos

3) Melloras sen custe adicional: Ata 50 puntos.

Neste apartado valorarase a execución de melloras sen custe adicional para o Concello. Tan só se poderán ofertar as melloras descritas que a continuación se indican, outorgando a puntuación indicada en cada subapartados aos licitadores que a oferten, e 0 puntos aos que non os oferten.

2.a	Curso homologado de formación para traballos en altura, teórico e práctico	12 puntos
2.b	Certificado de adecuación ó RD 1215/1997 para 6 máquinas de carpintería/obras	8 puntos
2.c	Propostas de outras actividades preventivas complementarias	4 puntos
2.d	Curso básico de PRL de 30 horas lectivas aberto a todo o persoal municipal	5 puntos
2.e	Curso básico de PRL de 50 horas lectivas para o persoal con maiores riscos	5 puntos
2.f	Xornada divulgativa sobre temas preventivos abertas a todo o persoal municipal	5 puntos

2.g	<i>Ofrecemento de terapias ou tratamentos preventivos para dores concretos e frecuentes dos traballadores/as</i>	5 <i>puntos</i>
2.h	<i>Formación en prevención específica para delegados/as de persoal</i>	3 <i>puntos</i>
2.i	<i>Entrega de manuais de prevención por clases de posto de traballo para todo o persoal</i>	3 <i>puntos</i>

CLÁUSULA 13ª.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación será o órgano administrativo que cualificará os documentos achegados e procederá en acto público, á apertura de proposicións elevando a acta con proposta de adxudicación ao órgano de contratación que teña que efectuar a adxudicación do contrato. Estará composta por:

Presidente: O Alcalde ou concelleiro en quen delegue

Vocais: Secretaria Xeral, Interventora municipal, e os/as Concelleiros/as que designe o Alcalde.

Secretaria: a Técnica de Admón. Xeral do Dpto. de Apoio Xurídico a Secretaría
O presidente poderá convocar a tantos asesores como considere necesarios, e actuarán con voz pero sen voto.

CLÁUSULA 14ª.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE OFERTAS

*A cualificación da documentación achegada no **Sobre A** efectuarase pola Mesa de Contratación en acto non público de acordo coas seguintes formalidades:*

- O/a Presidente/a ordenará a apertura do sobre e a Secretaria certificará a relación de documentos que se inclúen no mesmo.*
- Se a Mesa observase defectos ou omisións emendables comunicaraos ós interesados por correo electrónico ou fax, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante, concedéndolle un prazo non superior a 3 días hábiles aos licitadores para que corrixan ou emenden os erros ante a propia mesa de contratación. O cómputo do citado prazo iniciarase no momento en que o licitador reciba a comunicación.*
- Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións de que adoeceía, a Mesa declarará expresamente os licitadores admitidos e os rexeitados con indicación das causas de rexeitamento, circunstancia que se notificará aos licitadores rexeitados ós efectos oportunos.*

*A apertura do **Sobre B** "Oferta económica" terá lugar en acto público no día e hora anunciado previamente no perfil do contratante, procedendo ao cálculo da puntuación que corresponde a cada proposta aplicando a fórmula indicada na cláusula 11ª.*

De todo o actuado deixarse constancia documental no expediente estendéndose ao efecto a correspondente acta. A mesa poderá acordar motivadamente, propoñer ó órgano de contratación o rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas sempre e cando a documentación técnica ou económica que presenten variasen as previsión dos pregos.

Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ao licitador.

A proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación, non creará ningún dereito a favor do adxudicatario provisional fronte a Administración.

CLÁUSULA 15ª.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Para determinar o carácter desproporcionado ou anormal do prezo ofertado, atenderase ao disposto no artigo 85-RXLCAP, considerando temerarias aquelas ofertas que se atopen nos supostos indicados nese artigo.

O carácter desproporcionado ou temerario da oferta analizarase á vista dos informes que sobre este extremo, poidan emitir os técnicos municipais. Antes da emisión deste informe solicitarase da empresa ofertante a xustificación da viabilidade da súa proposta no prazo de 3 días hábiles, xustificación que deberá emitirse nos termos sinalados no artigo 152.3-TRLCSP e sobre a que, necesariamente se pronunciarán os informes técnicos. Respecto ás melloras ofertadas, atenderase á posibilidade técnica de execución das mesmas co orzamento económico que se oferta, tendo en conta para elo os cálculos de custes (de persoal e materiais) correntes no mercado, e as explicacións que puidera dar o licitador incurso nesta presunción de temeridade.

O órgano de contratación, á vista das explicacións do licitador e do informe técnico, declarará que a oferta non poderá ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores desproporcionados ou anormais, cando o custe das mellores sinaladas na oferta supoña a imposibilidade de obter beneficio de ningún tipo coa execución das mesmas. A efectos desta valoración, poderase considerar a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

A Mesa de Contratación, de acordo co artigo 22.1.f) do RD 817/2009, tramitará o procedemento sinalado e efectuará proposta de declaración como anormal ou desproporcionada, correspondendo esta declaración como tal, e a súa exclusión da licitación, ao órgano de contratación no momento de realizar a adxudicación, de conformidade co artigo 152.4-TRLCSP.

CLÁUSULA 16ª.- CRITERIOS PARA RESOLVER EVENTUAIS EMPATES

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, este empate resolverase de acordo coa seguinte orde de preferencia:

- *En primeiro lugar, será de aplicación o disposto no artigo 142.4 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, segundo o cal "as cooperativas terán dereito preferente nos casos de empate nos concursos e subastas en que participen, convocados polas administracións públicas galegas e entes dependentes das mesmas, para a realización de obras, servizos e subministracións.*
- *En segundo lugar, a empresa que acredite contar no seu cadro de persoal cunha porcentaxe superior ao 2% de traballadores con discapacidade. A porcentaxe de traballadores fixos discapacitados deberá manterse durante o tempo que dure a execución do contrato, ou se é o caso, durante o prazo de garantía, se a execución non se realizase en tracto sucesivo. O incumprimento de tal condición será causa de resolución do contrato.*
- *En terceiro lugar, resolverase a favor do licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.*
- *En cuarto lugar, a empresa que teña implantado un plan de igualdade ou obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de acordo co establecido nos artigos 11 e 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia e co establecido no Decreto 33/2009 do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.*
- *Por último, en caso de que aplicando os criterios anteriores se manteña o empate, convocarase aos licitadores para realizar un sorteo ao azar.*

CLÁUSULA 17ª- REQUIRIMENTO PREVIO Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Recibida a proposta de adxudicación realizada pola Mesa de Contratación, o órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste Prego.

En todo caso, o órgano de contratación requirirá á empresa coa oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

17.1.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS

De conformidade co disposto no artigo 146-TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, do 27 de setembro de apoio ao emprendedor) deberá presentar:

17.1.A).- Documentación acreditativa da capacidade de obrar

- Empresario individual: copia compulsada do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros.
- Persoas xurídicas:
 - Copia da tarxeta do Número de Identificación Fiscal (NIF), debidamente compulsada.
 - Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non ser esixible, achegarase escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.
- Empresas comunitarias: A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas ou mediante a presentación das certificacións que se indican no apartado 2 do anexo I do RXLCAP (artigo 9-RXLCAP).
- Resto de empresas estranxeiras: Os empresarios estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar do domicilio da empresa, no que se faga constar previa acreditación por parte da empresa, que figura inscrita no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.
Ademais deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de estado signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, nos casos previstos no RXLCAP.
- Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias e non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois. As empresas estranxeiras deberá presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante (artigo 146.1.d -TRLCSP).
- Unións Temporais de Empresas: no caso de concorreren á licitación varias empresas constituíndo unha unión temporal, cada unha de elas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriben a proposición, participación de cada unha de elas designando a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ha de desempeñar a representación da UTE ante a Administración, e compromiso de constituírse formalmente

en UTE en caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59-TRLCSP.

17.1.B) Documentos acreditativos da representación: se o asinante da proposición actúa en calidade de representante do licitador deberá achegar:

- Copia compulsada notarial ou administrativamente do documento que acredite a personalidade deste representante (DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros).

- Copia compulsada notarial ou administrativamente da escritura de poder de representación, ou no seu caso, das escrituras notariais de constitucións ou modificación estatutarias ou elevación dea cordos sociais, onde conste que está habilitado para concorrer á celebración de contratos coas Administracións Públicas.

17.1.C) Bastanteo de poderes

As escrituras ás que se refire o apartado anterior deberán presentarse debidamente bastanteadas pola Secretaria Xeral da Corporación ou fedatario público, cunha antigüidade non superior a 6 meses.

17.1.D) Documentación acreditativa da solvencia:

Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira de acordo co disposto na cláusula 8.1 deste prego e documentación acreditativa da solvencia técnica de acordo co disposto na cláusula 8.2 deste prego.

17.1.E) Alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE):

Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

17.1.F) REXISTRO DE CONTRATISTAS

De acordo co disposto no artigo 83-TRLCSP, a documentación relacionada anteriormente poderá substituírse pola presentación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores i Empresas Clasificadas do Estado ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia regulado por Decreto 262/2001, do 20 de setembro (D.O.G. n.º 200 do 16 de outubro de 2001), sempre e cando o dito certificado inclúa os anteditos datos, e debendo acompañar á dita certificación dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias contidas na certificación presentada non variaron (art.146.3-TRLCSP).

En todo caso, os licitadores que presenten esta certificación deberán presentar ademais do certificado, unha fotocopia compulsada do DNI da persoa que presenta a oferta.

17.2.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

De conformidade co disposto no artigo 151.2-TRLCSP deberá presentar:

- *Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatais, autonómica e local) e coa Seguridade Social.*
- *Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación por calquera dos medios a que se refire o artigo 96-TRLCSP.*
- *Xustificante do pagamento do importe do anuncio de licitación.*

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no presente prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo no que debe formalizarse o contrato conforme ao artigo 153-TRLCSP.

CLÁUSULA 18ª.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN

18.1.- ADXUDICACIÓN

Recibida a documentación requirida, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación (art. 151.3-TRLCSP). A adxudicación acordarase en resolución motivada que deberá notificarse aos licitadores e simultaneamente publicarase no Perfil do Contratante do órgano de contratación indicando o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ao artigo 156.3 (art. 151.4-TRLCSP).

A notificación deberá conter en todo caso a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra o acordo de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- *En relación aos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimara a súa candidatura.*
- *Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.*

- *En todo caso o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición que foran determinantes para resultar seleccionada por diante das demais.*

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren neste prego.

18.2.- FORMALIZACIÓN:

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato, cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato deberá efectuarse dentro dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no art. 151.4-TRLCSP. Cando por causas imputables ao contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, sendo trámite preciso a audiencia do interesado e cando se formule oposición polo contratista, o informe do Consello Consultivo de Galicia. En tal suposto procederá a incautación da garantía e a indemnización dos danos e perdas ocasionados.

III.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 19ª.- EXECUCIÓN E RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA

O contratista executará o contrato con estrita suxeición ás cláusulas do mesmo, do PCAP do PPT, e de acordo coas instrucións que para a súa execución dera ao contratista a Administración.

O contratista será responsable da calidade das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas.

CLÁUSULA 20ª.- PAGO DO PREZO

O pagamento do prezo realizarase contra factura expedida mensualmente de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada. Para elo, o responsable do contrato nomeado ao efecto, ou Concelleiro de Área que corresponda, comprobará se o servizo realizado polo adxudicatario se axusta ás

prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados con ocasión da súa execución.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, ao que se encontra adherido o Concello de Cangas son:

<i>Unidade tramitadora: L01360084 INTERVENCION</i>
<i>Oficina Contable: L01360084 INTERVENCION</i>
<i>Órgano xestor: L01360084 ALCALDE/XUNTA DE GOBERNO</i>

CLÁUSULA 21ª.- OBRIGAS E DEBERES DO ADXUDICATARIO

O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, e de acordo coas instrucións que o órgano de contratación lle dea ao contratista para a súa interpretación. O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Ademais, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

21.1ª.- OBRIGAS, GASTOS E IMPOSTOS ESIXIBLES AO CONTRATISTA

O contrato executarase con suxeición ás cláusulas do mesmo e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista a Administración. Son de conta do contratista os gastos e impostos, anuncios, xa sexa en Boletíns, Diarios Oficiais, ou en calquera medio de comunicación, os de formalización do contrato no suposto de elevación a escritura pública, así como de cantas licencias, autorizacións e permisos procedan en orde á execución do contrato. Así mesmo, virá obrigado a satisfacer todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato.

No prezo enténdense incluídos todos os factores de valoración e gastos que, segundo documentos contractuais son de conta do adxudicatario.

21.2ª.- OBRIGAS LABORAIS E SOCIAIS

O contratista está obrigado ao cumprimento de a normativa vixente en materia laboral, de seguridade social, de integración social de minusválidos e de prevención de riscos laborais, conforme ao disposto na Lei 31/1995, de 8 de novembro, sobre Prevención de Riscos Laborais e no Regulamento dos Servizos de Prevención, aprobado por Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, así como das que se promulguen durante a execución do contrato.

Non existirá vinculación laboral algunha entre o persoal que se destine á execución do contrato e o Concello de Cangas, por canto aquel queda

expresamente sometido ao poder direccional e de organización da empresa adxudicataria en todo ámbito e orde legalmente establecido e sendo, xa que logo, esta a única responsable e obrigada ao cumprimento de cantas disposicións legais resulten aplicables ao caso, en especial en materia de contratación, Seguridade Social, prevención de riscos laborais e tributaria, por canto devandito persoal en ningún caso terá vinculación xurídico-laboral co Concello de Concello, e todo iso con independencia das facultades de Control e Inspección que legal e/ou contractualmente correspondan ao mesmo.

A empresa contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado da execución do contrato, o poder de dirección propio de todo empresario. En particular, asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licencias e vacacións, as substitucións dos traballadores en caso de baixa ou ausencia, as obrigas legais en materia de seguridade social, incluído o abono de cotizacións e o pago de prestacións, cando cumpra, as obrigacións legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigas se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.

Á extinción do contrato, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do mesmo como persoal do Concello.

21.3ª.-PERSOAL

O adxudicatario disporá do persoal necesario para a boa execución do servizo, de acordo co establecido no PPT. O persoal da empresa adxudicataria en ningún caso poderá considerarse con relación laboral, contractual, funcional, ou de natureza algunha respecto do Concello de Cangas.

21.4ª.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante o prazo de cinco anos.

21.5ª.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar segredo profesional respecto de os datos de carácter persoal dos que poida ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co artigo 10 da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, de 13 de decembro de 1999.

O adxudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigacións que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidécese incorrer.

O adxudicatario e o seu persoal durante a execución do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos ou instrucións de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolva o seu traballo.

Respecto do tratamento de datos de carácter persoal, si producísese, deberase respectar no seu integridade a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e o seu normativa de desenvolvemento, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Vixésimo Sexta do TRLCSP.

21.6ª.- RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA POR DANOS E PREXUÍZOS

O contratista será responsable de todos os danos e prexuizos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Si os danos e prexuizos ocasionados fosen consecuencia inmediata e directa dunha orde dada pola Administración, esta será responsable dentro dos límites sinalados nas leis. En todo caso, será de aplicación o preceptuado no artigo 214 do TRLCSP.

CLÁUSULA 22ª.- PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO: INFRACCIÓNS E SANCIÓN

As infraccións en que incorra o contratista na execución do contrato poderán ser cualificadas como moi graves, graves e leves.

INFRACCIÓNS LEVES

a) Os incumprimentos que afectando desfavorablemente ao servizo non sexan debido a unha actuación maliciosa, nin comporten perigo para persoas, cousas, sempre que non estean especificamente tipificados con falta grave ou moi grave.

b) O atraso reiterado, ata media hora, no comezo da prestación dos servizos sobre o horario previsto.

c) A non posta en coñecemento da Administración dos feitos que se prescriben no Prego

d) Falta de cortesía na atención aos usuarios e/ou persoal que realizan as actividades nos recintos.

INFRACCIÓNS GRAVES

a) Os incumprimentos que afecten desfavorablemente á prestación do servizo e sexan consecuencia dunha actuación maliciosa ou irresponsable ou cause molestias ou danos graves aos usuarios.

b) A inobservancia das medidas adecuadas para evitar situacións perigosas.

c) O atraso reiterado, en máis de media hora, no comezo da prestación dos servizos sobre o horario previsto.

d) A prestación defectuosa ou irregular dos servizos, con incumprimentos das condicións establecidas no contrato sen causa xustificada, así como as fraudes na forma de utilización dos medios esixidos ou que os mesmos presenten mal estado de conservación.

e) Non prestar o servizo durante dous días consecutivos.

f) Maltrato ás instalacións, mobiliario, etc.

g) Menosprezo ou agresión aos usuarios e/ou persoal que realizan as súas actividades nos recintos obxecto de contrato.

h) A ostensible e reiterada falta de aseo ou decoro do persoal adscrito aos servizos.

i) O incumprimento de acordos ou decisións municipais sobre variacións do obxecto de contratación, que non supoñan maiores gastos para o adxudicatario.

j) A non posta en coñecemento da Administración dos feitos que se prescriben no Prego, sempre que de tal falta de comunicación poidan derivarse prexuízos para as instalacións, o persoal que desenvolve as súas funcións nas mesmas ou os usuarios.

k) O incumprimento das obrigacións laborais e de seguridade social co persoal do servizo.

l) A reiterada comisión de faltas leves. Considerarase que hai reiteración cando se comentan tres faltas leves nun ano.

INFRACCIÓNS MOI GRAVES

a) O incumprimento dos deberes do contratista establecidos no presente Prego, cando sexan previamente esixidos expresamente pola Administración.

b) A suspensión temporal do Servizo, sen previa autorización municipal.

c) A prestación manifestamente defectuosa ou irregular do servizo, por incumprimento das condicións establecidas.

d) Non prestar o servizo durante tres días consecutivos en que teña obrigación. Por cada día que pase a partir do cuarto que deba prestar o servizo a sanción incrementarase nun 20 por cen sobre a inicialmente imposta cualificada como grave.

e) A cesión, subcontratación ou traspaso do servizo sen autorización municipal.

f) A reiterada comisión de faltas graves. Considerarase que hai reiteración cando se comentan dúas faltas graves nun ano.

SANCIÓNS

- A) Pola comisión de infraccións LEVES poderase impoñer unha sanción consistente en multa de ata 300 €.
- B) Pola comisión de infraccións GRAVES poderase impoñer unha sanción consistente en multa desde 301 € ata 1.500 €.
- C) Pola comisión de infraccións MOI GRAVES poderase impoñer unha sanción consistente en multa desde 1.500 € ata 3.000 €.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houbese lugar, como consecuencia dos feitos constitutivos da infracción.

As sancións imporanse previa incoación do correspondente expediente, do que se dará traslado ó adxudicatario por un prazo non inferior a dez días, a fin de que poida formular alegacións e propoñer as probas que estime pertinentes. A resolución do expediente para a imposición da penalidade administrativa corresponderá ao órgano de contratación. O importe das mesmas farase efectivo mediante dedución das mesmas nas correspondentes facturas, respondendo en todo caso a garantía definitiva da súa efectividade.

CLÁUSULA 23ª.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Non se prevé ningún suposto concreto de modificación do contrato, que no seu caso só poderá ter lugar de acordo co disposto no Título V do Libro I do TRLCSP sempre que se xustifique a concorrencia dalgunha circunstancia das sinaladas no artigo 107 do citado texto legal. A modificación que se acorde tramitarase de acordo co establecido nos artigos 210, 211, e 219-TRLCSP.

CLÁUSULA 24ª.- CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

Procederá a cesión do contrato de conformidade co disposto no artigo 226-TRLCSP. O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar dende a autorización expresa da cesión polo órgano de contratación. A non constitución da garantía dentro do dito prazo poderá dar lugar á resolución do contrato. A contratación con terceiros da realización parcial do contrato estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227.

CLÁUSULA 25ª.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Ademais dos supostos de cumprimento e vencemento de contrato, este extinguirase por resolución acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 225 e 309 do mesmo texto legal.

Así mesmo, constituirá causa de resolución do contrato imputable ó contratista:

- a) *O incumprimento da obriga de gardar sixilo establecida neste prego ou a utilización indebida da información obtida no desempeño do seu traballo.*

b) O incumprimento inxustificado das indicacións que, para a mellor realización do servizo, se lle comuniquen desde o órgano de contratación.

c) O abandono por parte do contratista do servizo obxecto do contrato. Entenderase producido o abandono cando a prestación non se desenvolva coa regularidade axeitada ou cos medios humanos ou materiais precisos para a normal execución do contrato no prazo estipulado. Non obstante, cando se dea este suposto, a Administración, antes de declarar a resolución, requirirá ao contratista para que regularice a situación no prazo de cinco días a contar desde o requirimento.

d) A incursión do contratista, durante a vixencia do contrato, nalgunha das prohibicións sinaladas na normativa vixente ou en incompatibilidade, sen a obtención inmediata da correspondente compatibilidade.

O acaecemento de calquera destas causas, nos termos establecidos, facultará ao órgano de contratación para dar por resolto o contrato, coa indemnización de danos e prexuízos e demais efectos que procedan conforme á normativa aplicable, podendo optar pola execución subsidiaria, realizando as obrigas incumpridas ou continuando a execución do contrato por si ou a través das persoas ou empresas que determine, a costa do contratista. O importe da garantía responderá de todo elo, en canto acade sen prexuízo da responsabilidade xeral do contratista.

CLÁUSULA 26ª.- DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA

O prazo de garantía estenderase ó período de duración do contrato e non será devolta ou cancelada ata que transcorra UN MES dende a finalización do mesmo. Vencido o prazo de duración do contrato e cumpridas as obrigas derivadas do mesmo, se non resultasen responsabilidades devolverase a garantía constituída ou cancelarse o aval ou seguro de caución.

A garantía definitiva responderá dos seguintes conceptos:

- Das penalidades impostas ao/á contratista conforme o artigo 212 do TRLCSP.*
- Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración pola demora do contratista no cumprimento das súas obrigas e dos danos e prexuízos ocasionados ao Concello con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.*
- Da incautación que poida decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co establecido no TRLCSP.*

En caso de que se fagan efectivas penalidades ou indemnizacións esixibles á adxudicataria sobre a garantía, esta deberá repoñer ou ampliar aquela na contía que corresponda no prazo de 15 días desde a execución, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución.

CLÁUSULA 27ª.- XURISDICIÓN COMPETENTE

As cuestións litixiosas serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a interpoñer recurso Contencioso-Administrativo, consonte ao disposto pola Lei Reguladora de dita Xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso potestativo de reposición e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Recurso especial en materia de contratación:

Con carácter potestativo, poderá interpoñerse o recurso especial en materia de contratación previsto no art. 40 do TRLCSP nos supostos contemplados no mesmo. Contra a resolución do recurso só procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ANEXO I

1.- OBXECTO DO CONTRATO

- *Contrato administrativo consistente na prestación do servizo de prevención alleo de riscos laborais e vixilancia médica da saúde do persoal ó servizo do Concello de Cangas.*
- *Especificacións: recollidas no PPT*

2.- TIPO DE LICITACIÓN:

- *Especialidades de seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicoloxía aplicada: 6.500 € sen IVE (7.865 con IVE 21 %).*
- *Especialidade de Vixilancia da saúde – Medicina do traballo, no que se inclúen os recoñecementos médicos para 200 traballadores/as: 9.500 € (partida exenta de IVE)*
- *Prezo unitario do recoñecemento médico que, no seu caso houbera a maiores dos 200 contratados: 45 € (partida exenta de IVE).*

3.- PRAZO DE EXECUCIÓN: 2 anos susceptible de dúas prórrogas de carácter anual.

4.- PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN: ABERTO con varios criterios de adxudicación

5.- TRAMITACIÓN: ordinaria

6.- GARANTÍAS ESIXIBLES

- *Definitiva: 5% do prezo de adxudicación*

7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN/ADXUDICACIÓN

- *Criterios obxectivos, avaliados mediante fórmulas (cláusula 12ª): Ata un máximo de 100 puntos*
 1. Menor prezo ofertado en cada unha das especialidades.....50 puntos
 2. Melloras ofertadas sen custe adicional.....50 puntos

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

«D _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/

n.º ____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, en relación á licitación para a contratación do "SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO DE RISCOS LABORAIS E VIXILANCIA MÉDICA DA SAÚDE DO PERSOAL Ó SERVIZO DO CONCELLO DE CANGAS" declaro que coñezo os pregos administrativo e técnico que rexen este contrato e que os acepto integramente, comprometéndome a executar o obxecto do contrato con estrita suxeición ós mesmos e demais documentación que integra o expediente, e presento a seguinte OFERTA ECONÓMICA:

- Prezo ofertado:
 - 1.a.- Seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicoloxía aplicada: € (en número e letra)
 - 1.b.- Vixilancia da saúde – Medicina do traballo..... € (en número e letra)
 - 1.c.- Prezo unitario do recoñecemento médico € (en número e letra)
- Melloras ofertadas:
 - 2.a.- Curso homologado de formación para traballos en altura, teórico e práctico..... SI NON
 - 2.b.- Certificado de adecuación ó RD 1215/1997 para 6 máquinas carpintería/obras.. SI NON
 - 2.c.- Proposta doutras actividades preventivas complementarias a levar a cabo..... SI NON
 - 2.d.- Curso básico de PRL de 30 horas lectivas aberto a todo o persoal municipal..... SI NON
 - 2.e.- Curso básico de PRL de 50 horas lectivas para o persoal con maiores riscos..... SI NON
 - 2.f.- Xornada divulgativa sobre temas preventivos para a todo o persoal municipal..... SI NON

2.g.- Ofrecemento de terapias ou tratamentos preventivos para dores concretos e frecuentes dos traballadores/as.....

SI NON

2.h.- Formación en prevención específica para delegados/as de persoal.....SI NON

2.i.- Entrega de manuais de prevención por clases de posto de traballo para todo o persoal.....

SI NON

Cangas, de de 2016

Asdo.: _____
(sinatura e selo da empresa)

ANEXO IV

MODELO DE AVAL

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), NIF, con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA

A (nome e apelidos ou razón social do avalado), NIF, en virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impoñe/n a constitución desta garantía) para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), ante o Concello de Cangas, por importe de: (en letra e en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no. Este aval outórgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ó primeiro requirimento do Concello de Cangas, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Cangas ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para elo autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na [Lei de Contratos do Sector Público](#) e lexislación complementaria.

(Lugar e data)

O licitador (asinado e rubricado)

ANEXO II

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS ALLEO, NAS ESPECIALIDADES DE SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA E MEDICINA DO TRABALLO

ÍNDICE

CLÁUSULA 1ª.- Obxecto

CLÁUSULA 2ª.- Ámbito de aplicación

CLÁUSULA 3ª.- Condicións do contrato

3.1º.- Seguridade, Hixiene e Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada,

3.2º.- En relación coa especialidade preventiva de MEDICINA DO TRABALLO,

3.3º.- Concrecións na realización das actividades de vixilancia da saúde:

3.4º.- Horas presenciais "a maiores" das requiridas para o cumprimento do contrato

CLÁUSULA 4ª.- Condicións técnicas do servizo de prevención alleo

ANEXO I.- Relación non exhaustiva de instalacións municipais

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO

O presente prego ten por obxecto establecer as características técnicas da execución do contrato dun Servizo de Prevención de riscos laborais Alleo, en adiante SPA, que leve a cabo as tarefas requiridas pola lexislación de prevención que resulten necesarias en cada caso en función dos riscos existentes, en particular segundo o establecido no artigo 31.3 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e posteriores modificacións.

Así mesmo, este SPA realizará a vixilancia da saúde do persoal do Concello segundo os riscos inherentes ao traballo que desenvolvan, en particular de acordo co disposto no art. 22 da citada Lei 31/1995 e no art. 37 apartado 3 do Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

As tarefas a realizar pola empresa adxudicataria abarcarán as especialidades preventivas de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada e Medicina do Traballo.

CLÁUSULA 2ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

As actuacións de prevención previstas neste contrato incluírán a totalidade do Persoal do Concello de Cangas, indistintamente da relación funcional ou laboral coa que estean vinculados, incluíndo tamén ao persoal de novo ingreso que se incorpore ao Concello durante a vixencia do contrato (contratacións temporais).

Nestas actuacións preventivas estarán incluídos tamén os cargos electos do Concello que teñan dedicación exclusiva ou parcial.

Tendo en conta que o número total de traballadores/as varía ao longo do ano (contratacións temporais), aos efectos do contrato pódense estimar unha media duns 249 traballadores/as.

*As instalacións e dependencias incluídas no seu ámbito de actuación relaciónanse no **Anexo I** (relación non exhaustiva), podendo engadirse outras, ata un máximo de dúas a maiores, que no seu caso se poñan en funcionamento no tempo de duración do contrato.*

As actuacións preventivas incluírán tamén outros espazos de traballo nos que preste o seus servizos o persoal municipal, en particular as obras de reparación e mantemento de espazos públicos, as intervencións do Grupo de emerxencias, etc.

CLÁUSULA 3ª.- CONDICIÓN DO CONTRATO

Na execución do contrato a empresa adxudicataria asume os seguintes compromisos:

3.1º.- *En relación coas tres especialidades preventivas citadas en primeiro lugar, Seguridade, Hixiene e Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada, deberá abarcar os ámbitos e obrigas que estipula en cada caso o marco normativo de Prevención de Riscos Laborais, en particular a mencionada Lei 31/1995 e normativa que a desenvolve, podendo concretarse as seguintes tarefas:*

- 1) Deseño, implantación e aplicación dun Plan de prevención de riscos laborais que permita a integración da prevención na empresa.*
- 2) A Avaliación dos factores de risco que poidan afectar á seguridade e a saúde dos traballadores.*
- 3) A Planificación da actividade preventiva e a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas e a vixilancia da súa eficacia.*
- 4) A información e formación dos traballadores, coas condicións que se especifican neste prego, entregando ao Concello unha relación detallada da formación impartida, acompañada das correspondentes certificacións de asistencia para entregar aos respectivos traballadores/as.*
- 5) A realización dos plans de emerxencia e o asesoramento e apoio na prestación dos primeiros auxilios.*

- 6) *A realización da investigación e análise dos accidentes laborais (á marxe da súa gravidade), preparando o informe correspondente, así como outra documentación que sexa esixible pola normativa de prevención e/ou pola autoridade laboral.*
- 7) *Asesoramento e no seu caso preparación da documentación necesaria en aqueles casos nos que se requira a coordinación de actividades con outras empresas.*
- 8) *Asesoramento e no seu caso preparación de informes técnicos relacionados coa adquisición e mantemento dos medios e equipos de traballo, así como dos equipos de protección colectiva e individual requiridos en cada caso.*
- 9) *A entrega ao Concello, en tempo e forma, da documentación requirida pola normativa de prevención, en particular a estipulada no artigo 23 da mencionada Lei, así como dunha memoria anual do SPA.*
- 10) *Designar a un Técnico/a Superior en Prevención (o/a que estea asignado/a ao Concello, salvo causa xustificada) para que asista, con voz e sen voto, ás reunións do Comité de Seguridade e Saúde do Concello, cando sexa solicitado cunha antelación mínima de 48 horas.*
- 11) *Calquera outra obriga, documento ou aspecto relacionado coa prevención de riscos laborais que estipule a lexislación vixente e que non implique necesariamente un incremento no prezo do contrato.*

En caso de producirse algún accidente laboral grave, moi grave ou que produza o falecemento do traballador/a, a empresa queda obrigada a enviar ao Concello de Cangas un/ha Técnico/a superior en prevención coa maior celeridade, indistintamente do día da semana de que se trate, que asumirá as funcións que lle son propias.

As tarefas que precisen da presenza nos lugares de traballo do persoal técnico designado pola empresa deberán coordinarse co persoal nomeado polo Concello de Cangas, programándoseas conxuntamente coa suficiente antelación (visitas ás instalacións, impartición de formación, recollida de datos "in situ", análise de documentación, etc.).

En relación coa formación do persoal, a empresa adxudicataria asume o compromiso de dar formación preventiva de reforzo aos traballadores/as destinados en postos con maiores riscos, en particular aos pertencentes á Brigada de Obras, aos xardineiros/as, aos electricistas, etc.

3.2º.- *En relación coa especialidade preventiva de MEDICINA DO TRABALLO, de acordo cas condicións fixadas polo artigo 22 da citada Lei 31/1995 e normativa que a desenvolve, a actividade sanitaria deberá abarcar tanto a vixilancia da saúde colectiva como a individual (recoñecementos médicos), en particular:*

- 1) *A vixilancia da saúde dos traballadores/as en relación cos riscos derivados do traballo.*

- 2) *Avaliación da saúde dos traballadores/as inicial despois da incorporación ao traballo ou despois da asignación de tarefas específicas con novos riscos para a saúde.*
- 3) *Avaliación da saúde dos traballadores/as que se incorporen ao seu posto de traballo tras unha ausencia prolongada por motivos de saúde.*
- 4) *Avaliación da saúde dos traballadores/as especialmente sensibles a determinados riscos (art.25 da Lei), das traballadoras nos casos de protección da maternidade (art. 26 da Lei) e dos traballadores/as menores de dezoito anos (art. 27 da Lei).*
- 5) *Vixilancia da saúde de tódolos empregados públicos a intervalos periódicos, segundo se determine por parte do equipo médico responsable da vixilancia da saúde, realizándose con carácter xeral unha vez ao ano.*
- 6) *Asesoramento na determinación dos postos de traballo que no seu caso se poderían considerar adecuados a traballadores/as que por cuestións de saúde precisen dun cambio a unha "segunda actividade".*
- 7) *A entrega doutra documentación, en particular a seguinte: a cada traballador/a o seu informe individual detallando o seu estado de saúde, certificados de aptitude ao Concello (gardando a debida confidencialidade dos resultados individuais), informe de postos con recoñecemento médico obrigatorio, informe dos postos que poderían ser adecuados para desenvolver unha "segunda actividade" no caso de traballadores/as non aptos/as ou que teñan algunha limitación importante respecto do posto que veñan desenvolvendo, análise epidemiolóxico, memoria anual.*
- 8) *Colaboración coa Mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social coa que o Concello teña subscrito o correspondente convenio.*
- 9) *Calquera outra avaliación da saúde dos traballadores/as ou do ambiente de traballo que se estipule na lexislación vixente e que non implique necesariamente un incremento no prezo do contrato.*

Ao indicado anteriormente engadiranse os recoñecementos médicos que resulten imprescindibles para avaliar os efectos das condicións de traballo sobre a saúde dos traballadores/as, ou para verificar si o estado de saúde do traballador/a pode constituír un perigo para o si mesmo ou para os demais traballadores/as do Concello ou para outras persoas, ou cando así estea establecido nunha disposición legal en relación coa protección de riscos específicos e actividades de especial perigosidade (nos termos indicados no art. 22 da Lei).

Os exames de saúde incluirán:

3.2.1.- Historial clínico-laboral

- a. Datos persoais e de filiación, centro e posto de traballo, riscos inherentes ao posto.*

- b. Traballos anteriores que indique o traballador/a: tempo, riscos e dano para a saúde.*
- c. Traballo actual: riscos do posto, antigüidade e danos para a saúde.*
- d. Antecedentes familiares.*
- e. Antecedentes persoais.*
- f. Historia actual (hábitos, patoloxías, tratamentos farmacolóxicos, alerxias, vacinacións preventivas).*

3.2.2.- Exploración xeral

- a. Datos antropométricos: peso, talla, tensión arterial e pulso.*
- b. Exploración física xeral.*
- c. Exploracións complementarias: control visión, espirometría, audiometría, electrocardiograma.*

3.2.3.- Análise de sangue

- a. Hematoloxía: series vermella, branca e plaquetas. VSG.*
- b. Bioquímica: glicosa, ácido úrico, creatinina, urea, GOT, GPT, GGT, triglicéridos, colesterol HDL, LDL, e cociente.*
- c. Homes maiores de 45 anos PSA en recoñecementos anuais*
- d. Mulleres: ferro en recoñecementos anuais con hemoglobina inferior a 11 grs*
- e. Hormonas tiroideas si hai indicios de clínica ou antecedentes familiares en recoñecementos anuais*

3.2.4.- Análise de urina: sistemático e sedimento.

3.2.5.- Protocolos específicos de vixilancia da saúde

No caso dos traballadores/as que estean expostos a riscos para os que existan protocolos de vixilancia da saúde concretos (usuarios de PVD, manexo manual de cargas, exposición a radiacións ionizantes, etc.) deberá completarse o recoñecemento médico xeral coa aplicación dos devanditos protocolos.

3.3º.- Concrecións na realización das actividades de vixilancia da saúde

Os recoñecementos médicos que se programen para un mínimo de 25 traballadores/as realizaranse en dependencias axeitadas situadas no centro de Cangas, incluídas as analíticas e as probas que no seu caso se determinen de acordo cos protocolos médicos aplicables. Neste caso, a empresa poderá optar por realizar os recoñecementos nas instalacións dalgunha clínica ou centro médico, por poñer a disposición unha unidade móbil equipada ou por acondicionar algunha das dependencias municipais e desprazar o equipamento médico necesario. No caso de que, como resultado da programación

establecida, no último día dos recoñecementos médicos o número de traballadores sexa inferior aos 25, atenderanse igualmente en Cangas. Para o caso dos recoñecementos médicos dos traballadores/as que se incorporen ao Concello por contratos temporais, establecerase unha planificación específica.

No caso dos recoñecementos médicos non programados cunha antelación mínima de oito días hábiles ou cando o número de traballadores sexa inferior a 25, os recoñecementos poderán realizarse nos centros médicos que determine a empresa, debendo estar situados en todo caso nun radio máximo de 35 quilómetros (Vigo, Pontevedra, etc.).

Establécese un número de 200 recoñecementos médicos ao ano, incluídos os que realice o persoal de nova incorporación contratado temporalmente. A empresa adxudicataria deberá ofertar un prezo pechado para estes 200 recoñecementos, debendo indicar así mesmo o prezo ao que facturará cada un dos recoñecementos que no seu caso houbera a maiores.

Os recoñecementos médicos deben seguir os protocolos específicos elaborados polas administracións competentes en materia de Sanidade (estatal e/ou autonómica) ou outros elaborados por organismos de recoñecido prestixio, e incluír unha historia clínico-laboral nas que consten as distintas exposicións a riscos, as doenzas do traballador/a e os resultados das exploracións, análise ou estudos complementarios.

O resultado da vixilancia da saúde será comunicado ao traballador/a. O informe redactarse no posible en termos que resulten comprensibles, asegurando a confidencialidade dos datos e recepción do mesmo.

O acceso á información médica de carácter persoal limitarase ao persoal médico e ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores/as, sen que poida facilitarse nin ao Equipo de Goberno, nin ao persoal do Concello ou a outras persoas, sen consentimento expreso e por escrito do traballador/a.

En todo caso, o procedemento a seguir será o estipulado no artigo 22 da mencionada Lei 31/1995.

Así mesmo, o tratamento dos datos levarase a cabo de acordo aos principios establecidos na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal.

3.4º.- Horas presenciais "a maiores" das requiridas para o cumprimento do contrato

A empresa adxudicataria, a maiores do tempo que necesite para cumprir co obxecto do contrato nas catro especialidades preventivas antes citadas, incluídos os recoñecementos médicos, deberá incluír un total de 80 horas presenciais ao ano para outras actividades preventivas que se lle requiriran por

parte do persoal designado polo Concello, entre outras impartir formación ao persoal de nova incorporación (contratos temporais), impartir o curso de Plataformas Elevadoras Móviles de Persoal (PEMP) a 6 traballadores/as, impartir formación de reforzo para o resto do persoal, formación en primeiros auxilios, realización de simulacros, etc.

Estas horas presenciais a maiores poderá distribuílas o Concello ao longo do ano segundo as súas necesidades, debendo a empresa adxudicataria ter dispoñibilidade para realizar as actividades requiridas cando se lle soliciten cunha antelación mínima de tres días hábiles.

Non se inclúen nestas horas presenciais a formación de reforzo a que se fai referencia no punto 3.2, dirixida aos traballadores/as destinados en postos con maiores riscos.

CLÁUSULA 4ª.- CONDICIÓN S TÉCNICAS DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO

A empresa adxudicataria deberá cumprir cos requisitos que estipula a normativa de prevención para poder actuar como servizo de prevención alleo, en particular os especificados nos artigos 17, 18, 19 e 20 do citado Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, e modificacións posteriores., así como noutras disposicións legais que no seu caso lle resulten de aplicación. Entre outros requisitos, debe estar acreditada pola Autoridade laboral como Servizo de Prevención Alleo a nivel provincial, autonómico ou estatal, debendo presentar a documentación acreditativa a requirimento do Concello.

Deberá dispor dos medios técnicos, materiais e humanos necesarios para desenvolver de xeito adecuado as tarefas requiridas nas 4 especialidades preventivas incluídas no contrato. Así mesmo, o persoal asignado deberá ter a dedicación suficiente para poder levar a cabo as actividades preventivas previstas.

Tendo en conta que o SPA ten un carácter interdisciplinario, a empresa asignará o persoal técnico que sexa necesario en cada caso segundo a especialidade preventiva de que se trate.

En todo caso, deberá asignar ao Concello de Cangas un/ha Técnico/a Superior en Prevención, con formación e experiencia nas tres especialidades preventivas de Seguridade, Hixiene e Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada, que actuará como persoa de contacto co Concello e que se encargará de todas aquelas cuestións relacionadas coas actividades preventivas a desenvolver, tanto desde o punto de vista técnico como organizativo. En aqueles casos en que, de xeito xustificable (vacacións, baixas, etc.), este técnico/a non estea dispoñible, deberá ser substituído por outro técnico/a superior con formación e experiencia equivalentes.

Pola súa parte, o Concello de Cangas nomeará a un Coordinador/a de Prevención que actuará de interlocutor coa empresa, supervisando e facilitando o seu labor na medida das súas posibilidades.

Respecto da especialidade de Medicina do Traballo, o persoal sanitario do adxudicatario deberá contar coa cualificación necesaria, competencia técnica e capacidade acreditada para o desempeño das súas funcións (médicos especialistas en Medicina do Traballo e enfermeiros/as Diplomados/as en Enfermería de empresa). Igualmente o número e horario dos mesmos será o axeitado e suficiente en función dos riscos e traballadores/as a atender. No equipo médico debe figurar, ao menos, un médico especialista en Medicina do Traballo e un ATD/DUE de empresa.

En relación cos medios materiais e equipos técnicos requiridos para a realización dos recoñecementos médicos, analíticas e probas estipuladas, a empresa adxudicataria porá a disposición do Concello de Cangas o equipamento, instrumental e material médico adecuado e suficiente en función das actividades a desenvolver e do número de traballadores/as a atender.

As empresas licitadoras deberán acompañar, como mínimo, a documentación acreditativa da formación en prevención de nivel superior do persoal técnico asignado á execución do contrato, así como a documentación acreditativa da titulación académica indicada anteriormente para o persoal sanitario. Así mesmo, achegarán unha relación descritiva dos medios materiais e técnicos dos que dispón para dar cumprimento ao previsto neste prego.

ANEXO I

RELACIÓN DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (non exhaustiva)

<i>Concello de Cangas (edificio principal)</i>
<i>Policía Local (no edificio principal do Concello)*</i>
<i>Centro Sociocomunitario (centro de maiores)</i>
<i>Auditorio Municipal</i>
<i>Conservatorio Municipal de Música</i>
<i>Casa da Cultura e Biblioteca central</i>
<i>Casa da Xuventude e Fundación Cangas Deporte</i>
<i>Casa de Oficios Lorenzo Corbacho</i>
<i>Centro municipal de Formación "Granxa da Rúa"</i>
<i>Centro municipal de Benestar Social</i>
<i>Axencia de Desenvolvemento Local</i>
<i>Oficinas de Turismo (unha principal e dúas máis de información)</i>
<i>Praza de Abastos</i>
<i>Oficina de Rehabilitación (PEPRI)</i>
<i>Unidade de Asistencia a Drogodependentes (UAD)</i>
<i>Casa do Pobo (Banda de música)</i>
<i>Local de ensaio de Cimadevila</i>
<i>Pavillón municipal do Gatañal</i>
<i>Pavillón municipal de Romarigo</i>

<i>Estadio municipal de Atletismo</i>
<i>Dependencias do Grupo de emerxencias (Protección Civil)*</i>
<i>Dependencias de Obras en A Rúa (Carpintería e Electricidade)*</i>
<i>Dependencias e almacén da Brigada de Obras*</i>
<i>Dependencias e almacén de Sinalización Viaria (antigo Matadoiro)*</i>
<i>Almacén de Obras nas Naves de Ojea*</i>
<i>Palco dependencias e almacén de Xardinaria*</i>
<i>Palco dependencias e almacén de Limpeza Viaria</i>
<i>Biblioteca parroquial de O Hío</i>
<i>Biblioteca parroquial de Aldán</i>
<i>Biblioteca parroquial de Darbo</i>
<i>Biblioteca parroquial de Coiro</i>
<i>Cemiterios (tres)</i>
<i>Caseta de depuración de augas</i>
<i>Casetas de Socorristas (10, distribuídas nas praias)</i>
<i>Almacén Rodeira</i>
<i>Centros sociais nas parroquias</i>
<i>Escola Infantil de Cangas – A Galiña Azul (gardería)</i>
<i>Escola Infantil O Hío – A Galiña Azul (gardería)</i>
<i>Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP), 6 centros públicos</i>

() Con carácter unicamente orientativo, indícanse as dependencias relacionadas con traballos do ámbito da construción ou afíns, ou con especial risco”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de expediente de contratación do Servizo de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA S/MODIFICACIÓN DE ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016-LIÑA 4

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 25.01.2016, referente a modificación de acordo de solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao POS-2016 (LIÑA 4), que di o seguinte:

"PROPOSTA

MODIFICACIÓN DE ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016-LIÑA 4

Publicadas no BOP nº 233 de data do 02/12/2015, pola Deputación Provincial de Pontevedra as bases e convocatoria dun Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o exercicio 2016.

Recibido escrito da Deputación Provincial de Pontevedra no que se fai constar que ao Concello de Cangas lle corresponde a cantidade de un millón dezanove mil trescentos corenta e seis euros con corenta e cinco céntimos (1.019.346,45 €), tendo en conta as porcentaxes máximas nas liñas 2, 3 e 4, o Concello con base nas necesidades procede ao reparto deste nas diferentes liñas e á elaboración das correspondentes memorias e proxectos.

A Xunta de Goberno Local de data 21.12.2015 acorda destinar a totalidade de douscentos vinte e nove mil trescentos cincuenta e dous euros con noventa e cinco céntimos (229.352,95 €), á liña 4 para a contratación de 34 persoas para diferentes servizos.

Presentada toda a documentación de solicitude perante a Deputación, comunican a esixencia de escrito cuantificando cada posto, do que resulta que unha vez cuantificado un total de douscentos mil cincocentos cincuenta e seis euros con corenta e oito céntimos (200.556,48 €):

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Modificar o acordo de data 21.12.2016 de solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016-liña 4.

Segundo.- Formular nova solicitude de axuda polo importe de douscentos mil cincocentos cincuenta e seis euros con corenta e oito céntimos (200.556,48 €), para a contratación de 34 persoas, na modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo parcial (modelo 501), a xornada parcial de 35 horas semanais, de conformidade co seguinte:

I PLAN DE CONSERVACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN-2016

Denominación servizo	Nº de traballadores
Apoio á Brigada de Obras. Limpeza e mantemento de	13 peóns agrícolas

<i>espazos públicos</i>	
<i>Apoio ao servizo de limpeza viaria</i>	<i>6 peóns varredores</i>
<i>Apoio á Brigada de Obras</i>	<i>10.- 4 peóns albaneis 4 xardiñeiros/as 1 peón electricista 1 condutor/a</i>
<i>Apoio ao servizo de conserxería en edificios públicos</i>	<i>3.- 1 conserxe para instalacións deportivas 1 conserxe para Praza de Abastos 1 conserxe para a Casa da Cultura</i>
<i>Servizo de apoio ao Gabinete de Alcaldía</i>	<i>2.- 2 auxiliares administrativos (FP1 ou equivalente)".</i>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a modificación de acordo de solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao POS-2016 (LIÑA 4).

B) INFORME DO SERVIZO DE INSPECCIÓN DE OBRAS S/ESTADO DE RUÍNA DE INMOBLE SITO EN RÚA HOSPITAL, Nº 9-CANGAS

Dáse conta de informe emitido o día 28.01.2016 polo inspector de obras, referente ao estado no que se atopa o inmovible nº 9 da Rúa Hospital en Cangas, que é como segue:

"INFORME Nº 18/16

ASUNTO: Comprobación

NºEXPTE: /

RÚA DO HOSPITAL / CANGAS

FEITOS QUE MOTIVAN O INFORME:

Solicitude feita pola Xefatura de Urbanismo en comprobación do estado no que se atopa a casa sita en Rúa do Hospital, nº 9 de Cangas.

INFORME QUE EMITE:

Ao presentarme no lugar constato o estado ruinoso no que se atopa a casa do nº 9 da citada rúa.

Como se pode apreciar nas fotografías que se achegan, a edificación carece de cuberta polo afundimento desta, aínda que restan elementos sen caer que poderán facelo en calquera momento se non se lle pon remendo.

Así mesmo, a edificación carece dunha porta de entrada e a outra se atopa aberta, co cal existe a posibilidade de acceso o seu interior por calquera persoa, co conseguinte perigo polas razón anteriormente sinaladas, ademais de que se atopa chea de entullos e lixo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do presente informe da Inspección de Obras referente á vivenda en estado ruinoso en Rúa Hospital, nº 9.

SEGUNDO.- Que polo Departamento de Urbanismo se proceda a iniciar o correspondente expediente para valado e limpeza do inmovible nº 9 da Rúa Hospital.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente